Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas, non poidan exercer as súas funcións.

En xeral, cando exista unha situación de desatenção social ou familiar, avaliada técnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

ARTIGO 6º.- REQUISITOS

Son requisitos xerais para ter acceso ó servizo:

Estar empadroadado e residir no término municipal de Portomarín.

Non percibir servizo nin prestación doutra institución ou entidade para a mesma finalidade (SAF) ou de selo caso optar pola que considere o beneficiario/a.

Manifestar un estado de necesidade que faga mestre este servizo.

Reuni-las condicións familiares, sociais, económicas e de validez persoal establecidas no baremo existente.

Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesite máis dun internamento asistido e continuado que dunha axuda no fogar.

Residir nunha vivenda que teña unhas condicións de habitabilidade mínimas, que posibiliten a prestación do servizo nunhas condicións hixénicas aceptables.

Non superar o límite de ingresos establecido no baremo económico que se establece para ter dereito o servizo.

Que o recurso sexa valorado mediante informe social como recurso idóneo polo traballador social de Atención Primaria.

ARTIGO 7º.- DETERMINACIÓN DO SERVIZO HORAS E HORARIOS

O servizo de axuda no fogar estará rexido polos seguintes horarios, que deberán respectar tanto o beneficiario e as persoas do seu entorno, coma os profesionais e voluntarios que interveñan:

1.- Establecese como período de prestación de servizo todos os días da semana dende as 8:30 hasta as 21:00 h., incluíndo festivos e domingos e festivos, aplicación de horario flexible, de xeito que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria. Terase en conta a implantación do sistema para a Lei da Dependencia.

2.- Como norma xeral o servizo tera unha duración máxima de 2 h. diarias.

3.- Cando o servizo se deba únicamente a limitacións para as actividades instrumentais da vida diaria

(sección 7 apartado 1º do Informe médico), o número de horas quedará limitado a un máximo de 1 hora diaria.

4.- No caso de ter a valoración da dependencia a intensidade da axuda no fogar, dependerá do grado e nivel de dependencia según a regulación autonómica:

Grado I

- Nivel 1- entre 20 e 25 h. mensuais
- Nivel 2- entre 25 e 30 h. mensuais

Grado II

- Nivel I- entre 30 e 40 h. mensuais
- Nivel II- entre 40 e 55 h. mensuais

Grado III

- Nivel I – entre 55 e 70 h. mensuais
- Nivel II – entre 70 e 90 h. mensuais

O horario poderá variarse adaptándose ás necesidades dos usuarios e en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais e/ou familiares que pola dispoñibilidade de medios do servizo, previo informe social.

A intensidade do mesmo para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará determinada no seu programa individualizado de atención.

ARTIGO 8º.- PROCEDEMENTO DE ACCESO Ó SERVIZO E DOCUMENTACIÓN

8.1 SOLICITUDE: DOCUMENTACIÓN

Terase prioridade para o acceso ao servizo dos/as usuarios/as valorados/as coa Lei de Dependencia, así como o seu acceso directo ao servizo.

A solicitude para acceder ao servizo municipal do SAF poderá ter lugar a instancia de parte ou ben de oficio a proposta dos Servizos Sociais.

As solicitudes formalizaranse por escrito, no modelo oficial que se facilitará nas dependencias de Servizos Sociais, á cal se achegará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte, tarxeta de residencia do solicitante.

- Tarxeta da Seguridade Social

-Informe médico segundo o modelo que se facilitará nas dependencias de Servizos Sociais

- Xustificantes de ingresos da unidade de convivencia: declaración da renda ou certificado de imputacións, xustificantes de pensións, prestacións ou rendas de traballo, alugueres, certificados de rendemento de capital mobiliario, recibos catastrais, etc. No caso de non presentar a declaración da renda, certificado negativo de non estar obrigado a presentar o IRPF.

- Certificado de convivencia e residencia no Concello

- Contrato de aluguer, recibos de préstamo hipotecario e facturas dos gastos de atención sanitaria.

- Declaración xurada de non ter dereito á axuda no fogar por outra entidade ou organismo, e de ser así o

caso, documentación que acredite a súa denegación pola devandita entidade.

A Administración municipal poderá dispoñer que se efectuen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos interesados.

Igualmente poderá reclamar, as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumplimentación do expediente.

ARTIGO 9º.-TRAMITACIÓN

Recibida a solicitude xunto coa documentación correspondente, o unha vez comprobados os datos aportados, e reunindo os requisitos exisidos e cando cada solicitude será estudada polos Servizos Sociais do Concello, que emitirán o correspondente informe social. Este informe elaborado polo/a traballador/a social deberá proporcionar os datos suficientes para poder determinar a situación de necesidade do solicitante. Inclúirá información referente a:

- O resultado de aplicar ao solicitante a escala de valoración, onde se sumará a puntuación total, según a aportación económica. Realizarase a proposta de concesión/ denegación según modelo, explicando as causas de denegación no seu caso. Redactárase as tarefas a realizar, horario aproximado, e todas as observacións necesarias.

- A dispoñibilidade do eido familiar e social, empregando os recursos existentes.

*Nota: Enténdese por unidade familiar o conxunto de perosas unidas por consanguinidade, afinidade, adopción ou matrimonio, que conviven no mesmo fogar.

A proposta de resolución tanto favorable como desfavorable será elevada á Alcaldía ou no seu caso á persoa que teña designada as competencias en materia de Servizos Sociais.

A resolución adoptada comunicarase por escrito ao solicitante. E todos aqueles usuarios que non acadasen a puntuación exisida, quedarán nunha lista de agarda.

De ser positiva a resolución e favorable, en función da dispoñibilidade do servizo, o beneficiario pasará a ser alta do SAF, ou ben a lista de agarda como se describe anteriormente, e ocupará nela o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente tras a baremación. No caso de igualdade de puntuación a prioridade establécese pola antigüedad na lista de agarda.

Se un beneficiario superase os seis meses na lista de agarda, antes de proceder a súa alta como usuario do SAF, será perceptiva unha nova valoración sa súa situación, na que se lle poderá requerir nova documentación, segundo xulgue o traballador social de SSAP, e poderase modificar o plan individual de Intervención se fose necesario.

Esta situación pódese acortar cando unha situación recibida a consideración de urxente segundo criterio do T. Social dos SSAP. A súa xustificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e de súpeto e/ou en situación de alto risco, e terá validez só mentres se manteña a situación desencadeante.

Para que o servizo teña validez será necesario que o usuario/a asine un contrato interno a modo de compromiso de respecto ás normas, así como as tarefas que se van desenvolver, horarios, días e achega económica. Asinará así mesmo o impreso de domiciliación bancaria para facer efectivo o cobro da cuota, aportación do usuario en caso de selo.

Para a renovación anual do servizo, o beneficiario deberá presentar a documentación establecida no apartado 8.1 dentro dos quince primeiros días naturais de cada ano, co fin de determinar se cumpre as condicións para a continuidade do mesmo.

ARTIGO 10º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

ARTIGO 11º.- APORTACIÓN DO USUARIO.

Se realizará de conformidade y en los términos establecidos en la ordenanza fiscal reguladora del servicio vigente en el Concello de Portomarín.

ARTIGO 12º.- PROFESIONAIS.

A) Traballadores sociais dos servizos sociais de atención primaria, ós que corresponden as funcións de:

- Programación xeral do servizo.
- A difusión e información sobre o servizo
- Recibir a solicitude, realizar o estudo, diagnose, baremación e informe de resolución.
- Sinalar os obxectivos da intervención .
- Coordinación e avaliación continua dos casos co/coa traballador/a da empresa ou entidade adxudicataria do servizo.
- Propor as altas, baixas ou suspensións do servizo.

B) Traballadores/as sociais das empresas ou entidades xestoras.

Son funcións súas:

- Planear a extratexia a seguir, asignar auxiliares do fogar mais axeitadas a cada beneficiario.
- Facer o seguimento individualizado dos casos con visitas domiciliarias frecuentes
- Presentar periodicamente os informes de seguimentos, nos que constaran as incidencias mais significativas, así como posibles causas de suspensión do servizo.
- Manter reunións periódicas coas traballadoras sociais do Concello, Auxiliares do SAF
- Reforzar a formación e reciclaxe continua das auxiliares do SAF.

C) Auxiliares de axuda no fogar.

- Asistenciais de atención persoal e doméstica diseñaos no modelo de intervención.
- Facer ó usuario participe do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenrolar por sí mesmo.

- Educativas sobre habilidades sociais básicas.
- De colaboración co/coa traballador/a social no seguimento e avaliación.

- Favorecer o apoio social aos usuarios facilitando e fomentando o contacto co exterior.

ARTIGO 13º.- OBRIGAS DOS USUARIOS DO SERVIZO

- Comunicar calquera modificación que poidese afectar a prestación do servizo: ingresos, convivencia, domicilio, dependencia...

- Respetar-las normas e condicións establecidas na concesión do servizo, abstendose de realizar cambios de horarios, tarefas, etc., sen autorización do responsable municipal do servizo.

- Observar un trato respetuoso cara ó persoal do servizo municipal de axuda no fogar e facilita-la colaboración necesaria para a execución das tarefas asignadas en cada caso.

- Facilitar todos os materiais e medios necesarios para a realización das tarefas asignadas.

- Permanecer no domicilio mentres se lle preste o servizo.

ARTIGO 14.- OBRIGAS DO PERSOAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR:

- Observar un trato respetuoso cara ó usuario, evitando que a confianza con este e a súa familia interfira no traballo.

- Respetar a intimidade do usuario e gardar a debida confidencialidade.

- A auxiliar non debe facer participe aos usuarios e a familia deste, dos seus propios problemas, separando todo o posibel a súa vida privada do seu traballo.

- Respetar íntegramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambio algún sen previa autorización do responsable.

- Terase en conta a realización a outros membros da unidade familiar distinta dos beneficiarios, sempre que veña determinada no proxecto de intervención, realizado para cada caso concreto e como medida de apoio e reforzó á unidade familiar.

- Avisar aos usuarios das súas ausencias coa debida antelación, tras a autorización do xefe de persoal e a comunicación ó responsable do servizo. Non acudir ao traballo acompañadas de persoas alleas ao servizo. Non recibir en custodia, en ningún caso, diñeiro, xoiás nin obxecto algún. Non recibir ningún tipo de prestación, regalo ou gratificación por parte do usuario. Non dispoñer das chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións do caso así o esixan a demanda do usuario e sempre co consentimento do responsable técnico do servizo.

ARTIGO 15º.- CAUSAS DE BAIXA TEMPORAL.

- 1.- Estancia temporal no domicilio de familiares ou achegados, vacacións, viaxes ou outra causa por tempo inferior a tres meses

2.- Cando outra persoa ou entidade asuma a atención do usuario por periodo non superior os tres meses.

ARTIGO 16º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.

Serán causas de extinción do servizo de axuda no fogar as que seguen:

1. Renuncia do usuario.
2. Ingreso definitivo en centro residencial.
3. Traslado da residencia a outro Concello.
4. Baixa no Padrón Municipal de Habitantes.
5. Falecemento
6. Desaparición das causas que motivaron o servizo.
7. Incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo ou no regulamento interno de funcionamento do mesmo.
8. Impago das cotas correspondentes durante tres meses consecutivos ou alternos.
9. Se a familia ou o usuario ocultan datos económicos ou de outra indole para acceder o servizo.
10. Que a suspensión do servizo supere os tres meses.

ARTIGO 17º.- XESTIÓN

Sen prexuízo do carácter público da planificación, coordinación e control do servizo de axuda no fogar, a xestión e maila execución realizaranse da forma seguinte: O Concello poderá contrata-la execución do S.A.F., en algunhas de las modalidades previstas en la Ley de Contratos del Sector Público y demás normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 18º.- BAREMO DE PUNTUACIÓN TOTAL

As solicitudes priorizaranse conforme o seguinte baremo:

I.- VALORACIÓN DA DEPENDENCIA FUNCIONAL

- Baremo de puntuación médica (anexo 1), puntuación máxima 38,5 puntos neste baremo.
- Nivel de dependencia acreditado: Grao III: 35 puntos.

Grao II: 25 puntos, Grao I: 15

II.- SITUACIÓN FAMILIAR (PUNTUACIÓN MÁXIMA 30 PUNTOS)

- Abandono absoluto. Non ten ningún tipo de apoio familiar. 30 puntos.
- Recibe apoios ocasionais da familia ou entorno: 20 puntos.
- Recibe apoios continuados pero son insuficientes: 10 puntos.

En todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto na normativa vixente que sexa de aplicación e en especial, ao disposto na Lei 4/1993, de 14 de abril, Decreto 240/1995, orde 22 de xullo de 1996, de 28 de xullo, Lei 39/2006 de 14 de decembro.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Queda derogado o anterior regulamento aprobado polo Concello de Portomarín en Pleno e publicado en data 24 de setembro de 1996.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicada na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ao previsto no art 70.2 e concordantes, da Lei 7/85, do 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local.

ANEXO 1

BAREMO PARA A VALORACIÓN DA DEPENDENCIA FUNCIONAL

SECCIÓN 1: PATRÓN COGNITIVO

A codificación é excluinte, só se pode marcar unha posibilidade, a que máis se aproxime ás condicións do usuario.

CAPACIDADE PARA TOMA DE DECISIÓNS

Toma de decisións en relación coas actividades da vida diaria

* INDEPENDIENTE: decisións razoables/consecuentes 0

* INDEPENDENCIA MODIFICADA: algunha dificultade ante situacións novas 0.5

* MODERADAMENTE ALTERADA: decisións pobres requírese supervisión ou estímulo 1

* GRAVEMENTE ALTERADA: nunca, raramente toma decisións 1.5

SECCIÓN 2. PATRÓN DE COMUNICACIÓN/AUDICIÓN

A codificación é excluinte, só se pode marcar unha posibilidade, a que máis se aproxime ás condicións do usuario.

AUDICIÓN (Con aparellos se os utiliza).

* OE ADECUADAMENTE: conversación normal, TV, teléfono 0.

* DIFICULTADE MÍNIMA: cando non está nun lugar tranquilo 0,5.

* OE SÓ EN SITUACIÓNS ESPECIAIS: a persoa que lle fala ten que asustar o ton de voz e fala claro 1.

* AUDICIÓN MOI DIMINUÍDA ou ausencia total de audición 1,5.

CAPACIDADE PARA FACERSE ENTENDER (Expresa o contido da información de calquera forma posible).

* ENTENDESELLE 0.

* NORMALMENTE ENTENDESELLE: dificultade para atopar algunhas palabras ou terminar pensamentos 0,5.

* ENTENDESELLE ALGUNHAS VECES: a súa capacidade está limitada as peticións moi concretas 1.

* RARAMENTE OU NUNCA SE LLE ENTENDE 1,5.

SECCIÓN 3. PATRÓNS VISUAIS.

A codificación é excluínte, só se pode marcar unha posibilidade, a que máis se aproxime ás condicións do usuario. (Capacidade para ver coa luz adecuada e as lentes se as usa)

* ADECUADA, ve detalles finos, incluíndo impresión normal de libros e xornais 0

* DEFICIENTE, ve caracteres impresos grandes pero non caracteres impresos normais de libros e xornais 0,5.

* MOI DEFICIENTE, incapaz de ver os titulares dos xornais, parece seguir os obxectos cos ollos 1.

* DEFICIENCIA SEVERA, non ve ou parece que so distingue luz, cores ou siluetas 1,5.

SECCIÓN 4. PATRÓNS DE COMPORTAMENTO

Non son excluíntes, codificar cada unha das que se presentaron nos últimos sete días.

COMPORTAMENTO PROBLEMÁTICO

Codificar para o comportamento nos últimos 7 días:

* DEAMBULADOR moveuse sen propósito racional identificado. Parece alleo ás súas necesidades ou a súa seguridade 1.

* VERBALMENTE AGRESIVO ameazou, berrou, insultou e outros 1.

* FISICAMENTE AGRESIVO pegou, empuxou, rabuñou e outros 1.

* COMPORTAMENTO SOCIAL INADECUADO emitiu sons incoherentes, berrou, autolesionouse, realizou actos obscenos, lanza comida ou feces 1.

* RESISTENCIA ANTE OS CUIDADOS negouse a toma-la medicación, a que lle poñan inxeccións a recibilos cuidados básicos diarios 1.

SECCIÓN 5. CONTINENCIA NOS ÚLTIMOS DÍAS

A codificación é excluínte so se pode marcar unha posibilidade, a que máis se aproxime ás condicións do usuario.

CONTINENCIA VESICAL

* CONTINENTE: control total 0.

* NORMALMENTE CONTINENTE: episodios de incontinencia 1 vez por semana ou menos 0,5.

* OCASIONALMENTE INCONTINENTE tende a ser incontinente diariamente pero existe algún control (por exemplo durante o día) 1.

* INCONTINENTE: múltiples episodios diarios 1,5.

CONTINENCIA INTESTINAL

* CONTINENTE: control total 0.

* NORMALMENTE CONTINENTE: episodios de incontinencia menos de 1 vez por semana 0,5.

OCASIONALMENTE INCONTINENTE un episodio de incontinencia á semana 1.

FRECUENTEMENTE INCONTINENTE: episodios

de incontinencia 2 ou 3 veces por semana 1,5.

INCONTINENTE todo ou case todo o tempo 2.

SECCIÓN 6. ESTADO DA PEL

A codificación é excluínte, só se pode marcar unha posibilidade, a que máis se aproxime ás condicións do usuario.

ÚLCERAS POR PRESIÓN

Codificar o grao máis alto de úlceras por presión

NON HAI ÚLCERA DE DECÚBITO 0

GRAO 1 zona de arroubamento persistente da pel (sen ruptura) non desaparece ó retirar a presión. 1

GRAO 2 perda parcial do espesor das capas da pel que se presenta clínicamente como unha abrasión, ampolla ou cráter pouco profundo. 2

GRAO 3 perda total da pel, quedando expostos os tecidos subcutáneos, preséntase como un cráter profundo con ou sen tecido fundido adxacente 3

GRAO 4 perda total da pel e tecido subcutáneo expñendo músculo e/ou oso 4.

SECCIÓN 7: CAPACIDADE FUNCIONAL

A codificación é excluínte; só se pode marcar unha posibilidade, a que máis se aproxime ás condicións do usuario.

REALIZACIÓN INDEPENDENTE DAS ACTIVIDADES

INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA.

Codificar a realización do autocoidado polo usuario ao longo dos últimos sete días

* INDEPENDENTE fixoo só

* ALGUNHA AXUDA axudado de calquera maneira

* AXUDA COMPLETA realizado con axuda todas as veces

* DEPENDENTE feito por outros

PREPARAR A COMIDA

Cómo prepara a comida (planificación do menú, cociñar, pon a mesa...)

* INDEPENDENTE 0

* ALGUNHA AXUDA 0.5

* AXUDA COMPLETA 1

* DEPENDENTE 1.5

AMAÑAR A CASA

Cómo realiza as tarefas domésticas ordinarias: facee a cama, limpiar o po, ordenar a casa, lavar a roupa.

* INDEPENDENTE 0

* ALGUNHA AXUDA 0.5

* AXUDA COMPLETA 1

* DEPENDENTE 1.5

MANEXO DE DIÑEIRO

Cómo pagar as facturas, levar as contas, valorar os gastos da casa

- * INDEPENDENTE 0
- * ALGUNHA AXUDA 0.5
- * AXUDA COMPLETA 1
- * DEPENDENTE 1.5

TOMA DE MEDICAMENTO

Cómo controla-la medicación (recordar tomala, abrir os frascos, tomar a dose correcta)

- * INDEPENDENTE 0
- * ALGUNHA AXUDA 0.5
- * AXUDA COMPLETA 1
- * DEPENDENTE 1.5

USAR O TELÉFONO

Cómo se realizan e reciben chamadas (incluídas axudas técnicas como números grandes no teléfono, amplificadores

- * INDEPENDENTE 0
- * ALGUNHA AXUDA 0.5
- * AXUDA COMPLETA 1
- * DEPENDENTE 1.5

FACER AS COMPRAS

Cómo se fai a compra de alimentos e produtos para o fogar (seleccionar o que se vai comprar, manexar o diñeiro)

- * INDEPENDENTE 0
- * ALGUNHA AXUDA 0.5
- * AXUDA COMPLETA 1
- * DEPENDENTE 1.5

TRANSPORTE

Como o usuario súa algún vehículo (vai a sitios onde non pode chegar andando, transporte público ou individual)

- * INDEPENDENTE 0
- * ALGUNHA AXUDA 0.5
- * AXUDA COMPLETA 1
- * DEPENDENTE 1.5

REALIZACIÓN INDEPENDIENTE DAS ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA

Codificar a realización do autocoidado polo usuario ao longo dos últimos 7 días

* INDEPENDENTE sen axuda nin supervisión.

* AXUDA LIMITADA PARCIAL o usuario moi implicado na actividade, recibiu axuda física para guiar o movemento de membros ou outras axudas sen soste peso en 3 ou máis ocasións ou maior axuda suministrada só 1 ou 2 veces durante os últimos 7 días.

* AXUDA AMPLA durante a realización de parte da actividade, o usuario recibiu axuda 3 ou máis veces, axuda que implica soporte de peso ou axuda total nalgun dos 7 últimos días.

* DEPENDENCIA TOTAL actividade con axuda total dunha terceira persoa ao longo de todos os días da última semana.

MOBILIDADE NA CAMA

Móvese desde/cara á posición de tombado, dá a volta dun lado ao outro e cambia de posición na cama.

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

TRANSFERENCIAS

Móvese entre superficies cara a/desde: cama- cadeira, cadeira de rodas, posición de pé (excluído ir de /ó baño WC).

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

DEAMBULACIÓN

Móvese entre o seu cuarto e o corredor contiguo do seu mesmo piso. Se usa cadeira de rodas é INDEPENDENTE unha vez sentado.

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

VESTIRSE

Inclúe preparar a roupa, sacándoa do armario, poñela, quitala, vestirse, abrochase, quitar toda a roupa de saír á rúa, incluíndo quitar ou poñer próteses

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

COMER

Inclúe comer con calquera método, incluso sonda nasogástrica

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

USA-LO ASEO

Comprende o uso do aseo (ouriñal de asento, cuña, etc.) Cómo se levanta e se senta, como se lava despois,

cambia os absorbentes, ou manexa a sanda ou a ostomía e axusta a roupa.

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

HIXIENE PERSOAL

Mantén a propia hixiene, incluíndo peitearse, cepillalos dentes. Afeitarse, maquillarse, lavar e secar a cara, as mans e o periné (excluíndo os baños e duchas)

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA LIMITADA PARCIAL 0.5
- * AXUDA AMPLA 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

BAÑARSE

Cómo toma o usuario a ducha ou o baño e se move dentro/fóra da bañeira/ducha (exclúe lavar a cabeza e as costas) Rexístrase da forma seguinte:

- * INDEPENDENTE 0
- * AXUDA FISICA LIMITADA SÓ Ó TRASLADO 0.5
- * AXUDA FISICA EN PARTE DA ACTIVIDADE DO BAÑO 1
- * DEPENDENCIA TOTAL 1.5

SUBIR AS ESCALEIRAS

Nos últimos 7 días cómo subiu ou baixou as escaleiras o usuario. Se non subiu nin baixou as escaleiras, rexístrase a súa capacidade de facelo.

- * SOBE E BAIXA SEN AXUDA 0
- * SOBE E BAIXA CON AXUDA 1
- * NON SUBIU NIN BAIXOU, INCAPAZ DE FACELO 1,5.

II ORDENANZA FISCAL REGULADORA

Artigo 1º.- Obxecto.

É obxecto da presente ordenanza fiscal, de conformidade co establecido no art. 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril e os art. 2.1.b e 20.1.b do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a ordenación da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Portomarín.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizárase nos termos fixados no regulamento aprobado.

Artigo 2º.- Financiamento do servizo.

O financiamento do servizo de axuda no fogar realízase con cargo ás achegas do Concello, subvencións doutras Administracións Públicas e a taxa que corresponde satisfacer polas persoas usuarias.

Artigo 3º.- Contía da taxa.

A contía da taxa virá determinada pola cantidade resultante de aplicar ao custo por hora do servizo dunha tarifa.

O custo por hora do servizo que vén determinado polos gastos derivados da contratación de persoal necesario para a súa prestación (salario + seguridade social), fíxase na cantidade de 10 euros / hora, de luns a venres e 12 euros/hora, os fins de semana, así como os festivos.

A valoración da capacidade económica das persoas destinatarias do servizo, determinará a porcentaxe do custo/hora do servizo que deben satisfacer pola prestación do mesmo.

En función das súas posibilidades económicas establécense dous grupos:

- Exentos de pagamento.
- Pagamento porcentual.

Artigo 4º.- Cálculo da capacidade económica.

a) Para os efectos de este artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte de ela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do SAF calculárase en función á súa renda, e se é o caso, ao seu patrimonio. Teráanse en conta, ademais as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

c) A renda valorárase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, e así como das débedas e obrigas persoais das que deba de responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

e) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

f) A capacidade económica por razón de renda determinárase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que

dependesen economicamente dos citados perceptores.

g) A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% aos menores de 35 anos.

h) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Artigo 5º.- Repercusión da taxa sobre as persoas usuarias do servizo.

1.- No caso de que a capacidade económica mensual da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao IPREM en vigor quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Para o resto dos supostos deberase respectar a seguinte escala:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 100% e inferior ou igual ao 150% do IPREM, asumirá o 10% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 150% e inferior ou igual ao 200% do IPREM, asumirá o 12% do custo do servizo

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 200% e inferior ou igual ao 250% do IPREM, asumirá o 15% do custo do servizo

d) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 250% e inferior ou igual ao 300% do IPREM, asumirá o 20% do custo do servizo

e) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 300% e inferior ou igual ao 350% do IPREM, asumirá o 28% do custo do servizo

f) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 350% e inferior ou igual ao 400% do IPREM, asumirá o 37% do custo do servizo

g) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 400% e inferior ou igual ao 450% do IPREM, asumirá o 45% do custo do servizo

h) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 450% e inferior ou igual ao 500% do IPREM, asumirá o 60% do custo do servizo

i) As persoas usuarias cunha capacidade económica mensual superior ao 500% do IPREM, asumirán o 65% do custo do servizo

3.- Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais nos casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

Artigo 6º.- Obriga de pagamento da taxa.

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo e o seu cobramento realizarase cunha periodicidade mensual.

As liquidacións correspondentes practícaranse mensualmente nos primeiros quince días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria establecera para tal efecto.

As débedas derivadas da falta de pago da taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria, polo procedemento administrativo de constrinximento.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Portomarín, aprobada no Pleno o día vinte e catro de setembro do mil novecientos noventa e seis.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a data da súa derogación parcial ou total.

Portomarín, a 5 de agosto de 2009.- A ALCALDESA, Sílvia Rodríguez Díaz.

R. 04517

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año36,06 €

Al semestre24,04 €

Más gastos de envío

Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €

Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas0,90 €

Por ejemplar de más de 12 páginas1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números0,15 €

- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.

- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.

- Importe mínimo de publicación6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)

Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."